



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 24 DE NOVEMBRO DE 2023**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

ISMAEL DURAN BEREIJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:51 horas do día 24 de novembro de 2023, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 09.11.2023

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia accidental pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 09.11.2023 e ao non producirse ningunha, a Presidencia accidental somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. MODIFICACIÓN DE LICENZA DE EDIFICACIÓN Nº 2018/U022/000001 (EXP: 2023/U022/000046)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.11.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 24.11.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: MODIFICACIÓN DE LICENZA DE EDIFICACIÓN Nº 2018/U022/000001
(EXP: 2023/U022/000046)



EXPTES. RELACIONADOS	Comunicación previa Primeira ocupación: 2023/U052/000003 Licenza primeira ocupación: 2023/U007/000005
OBXECTO	Modificación de licenza de edificación Expte.: 2018/U022/000001
PROMOTOR	
REFERENCIA CATASTRAL	
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA	- Anexo complementario con data de presentación 19.07.2023 visado 07/07/2022. - Anexo complementario de data de presentación 08.10.2023 sen visado.
TAXA ABONADA	15€

Vista a Licenza de edificación concedida mediante acordo de Xunta de Goberno Local de data 23/04/2018 para a construción de vivenda unifamiliar en lugar
(Expte.: 2018/U022/000001)

Vista a documentación presentada no expediente de Comunicación previa de primeira ocupación por
..... en representación de, relativa ás variacións de detalle e
sustanciais executadas.

Visto o informe técnico de data 23.10.2023 do Arquitecto Técnico Municipal.

Visto o informe xurídico de data 20.11.2023 da Técnico de Administración Xeral.

Polo exposto, PROPOÑO que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1º) Modificar a licenza de edificación 2018/U022/000001, concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.04.2018, no tocante a:

Variacións de detalle:

- Disponse o garaxe no exterior.
- Amplíase o rocho.
- Variación posición de escaleras.
- Inclusión de velux en cuberta.

Variacións sustanciais:

- En planta cuberta amplíase a superficie edificada
- Modifícase o volume da edificación
- Modifícanse os planos de cubertas.
- Modifícase a altura de cornixa

2º) Que se dilixencie a documentación presentada xustificativa das modificacións levadas a cabo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2022/U022/000024

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.11.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 24.11.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2022/U022/000024**

OBXECTO:	Acondicionamento de local existente para cambio de uso de comercial a vivenda.
PROMOTORAS:	
<u>CONSIDERACIONES URBANISTICAS:</u>	
CLASIFICACIÓN :	Solo urbano
CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo urbano consolidado
REFERENCIA CATASTRAL:	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	26.383,50 €
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proxecto básico e de execución para cambio de uso de local a vivenda. Data documento: marzo 2023, con data de visado 14/04/2023.
TÉCNICO DIRECTOR DAS OBRAS:	Diego Martínez Aneiros, Arquitecto, colexiado nº 5.150 do COAG
DIRECTOR EXECUCIÓN:	Diego Martínez Aneiros, Arquitecto Técnico, colexiado nº 3.091 do COATAC
COORDINADOR DE SE Y SA:	Diego Martínez Aneiros, Arquitecto Técnico, colexiado nº 5.150 do COAG
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUCCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:	Consta resolución favorable de Augas de Galicia, de data 11.11.2023 e nº de expediente: DH.W15.88574
NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrárase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CONDICIONADO:	CONDICIÓN XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal en data 09.11.2023.
- Visto o informe xurídico emitida pola Técnico de Administración Xeral de data 20.11.2023.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

1º) Conceder a excepcionalidade, en cumprimento do Decreto 29/2010, de Habitabilidade de vivendas de Galicia, e dar traslado do acordo á Dirección Xeral do IGVS, das seguintes determinacións das NHV:

- I.A.1.2.d: Protección das vistas en planta baixa ,que cumpre o suposto exposto na letra C do apartado 3.1 do titulo II.3 do Anexo II das NHV.

2º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

3º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.



4º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

6º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

7º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.11.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2023.

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,



É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de outubro 2023 que empeza por _____, cun importe de 121,80 € e finaliza con _____ cun importe de 81,84 € e se compón de 46 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4860,54 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrancia**, correspondente ó mes de outubro de 2023 que empeza por _____ cun importe de 39,60 € e finaliza con _____ cun importe de 28,80 € e se compón de 8 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 368,28 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAI DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. SOCIEDADE CULTURAL TARROIBA CON NIF G15615941

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 13.11.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000302

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrancia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. Sociedade cultural Tarroiba con NIF G15615941.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola Sociedade cultural Tarroiba con NIF G15615941.

Visto o informe favorable de Intervención de data 13 de novembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Sociedade cultural Tarroiba con NIF G15615941.



SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 975,04 € correspondente á subvención destinada a actividades e 375,05 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. CEDEIRA BASKET CLUB CON NIF G09932583

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14.11.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000303

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades deportivas do concello de Cedeira para o exercicio 2023. Cedeira basket club con NIF G09932583.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada polo Cedeira basket club con NIF G09932583.

Visto o informe favorable de Intervención de data 13 de novembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada polo Cedeira basket club con NIF G09932583.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.783,50 € correspondente á subvención destinada a actividades e 646,46 € correspondente á subvención destinada



a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. CLUB DE BAILE STREET DANCE CON NIF V44956746

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.11.2023, que literalmente di:

“**Expediente: 2023/G006/000307**

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrncia competitiva para clubes e entidades deportivas do concello de Cedeira para o exercicio 2023. CLUB DE BAILE STREET DANCE con NIF V44956746.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubes e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada polo CLUB DE BAILE STREET DANCE con NIF V44956746.

Visto o informe favorable de Intervención de data 20 de novembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada polo CLUB DE BAILE STREET DANCE con NIF V44956746.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 940,90 € correspondente á subvención destinada a actividades e 341,05 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).



TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURALS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. ASOC CULTURAL BUXAINAS CON NIF G15544018

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.11.2023, que literalmente di:

“Expediente: 2023/G006/000308

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. ASOC CULTURAL BUXAINAS con NIF G15544018.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOC CULTURAL BUXAINAS con NIF G15544018.

Visto o informe favorable de Intervención de data 20 de novembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propoñer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOC CULTURAL BUXAINAS con NIF G15544018.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.297,36 € correspondente á subvención destinada a actividades e 499,03 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.



CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. ASOCIACION PATCHWORK DE CEDEIRA CON NIF G70205182

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 22.11.2023, que literalmente di:

“Expediente: 2023/G006/000312

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. ASOCIACION PATCHWORK DE CEDEIRA con NIF G70205182.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACION PATCHWORK DE CEDEIRA con NIF G70205182.

Visto o informe favorable de Intervención de data 22 de novembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACION PATCHWORK DE CEDEIRA con NIF G70205182.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 886,40 € correspondente á subvención destinada a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. CLUB DE BUCEO CEDEIRA CON NIF G15902000

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 22.11.2023, que literalmente di:

“Expediente: 2023/G006/000313

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrncia competitiva para clubs e entidades deportivas do concello de Cedeira para o exercicio 2023. CLUB DE BUCEO CEDEIRA con NIF G15902000.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada polo CLUB DE BUCEO CEDEIRA con NIF G15902000.

Visto o informe favorable de Intervención de data 22 de novembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propondr á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada polo CLUB DE BUCEO CEDEIRA con NIF G15902000.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 630,00 € correspondente á subvención destinada a actividades e 270,00 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



11. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DE AS PONTIGAS”. POS+2022

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 22.11.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DE AS PONTIGAS”. POS+2022

Expte. 2021/C003/000002

D. Igor Vergara Otero, con NIF 32647175D, director da obra denominada “Ampliación da rede de saneamento de As Pontigas”, presentou a seguinte documentación con data 10.11.2023 (R.E. 2023/999/2344) relativa á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L., con CIF B70331129:

- Certificación núm. 3 polo importe de 15.713,28 €
- Fotografía do cartel de obra

A factura correspondente á certificación de obra núm. 3, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:

- Factura con núm. de rexistro de facturas F/2023/2820, de data 07.10.2023, núm. de factura Emit-8, correspondente á certificación núm. 3 da obra “Ampliación da rede de saneamento de As Pontigas” por importe de 15.713,28 €.

Con data 20.11.2023 emitiuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar a certificación de obra núm. 3 da obra “Ampliación da rede de saneamento de As Pontigas” polo importe de 15.713,28 € e a correspondente factura do mesmo importe.
- 2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.
- 3.- Remitir á Excma. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.
- 4.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.
- 5.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



12. APROBACIÓN DAS CERTIFICACIÓNS NÚMS. 1 E 2 DA OBRA DE RENOVACIÓN DO ALUMBRADO PÚBLICO NA AVDA. AREA E AVDA. CASTELAO. POS+2022

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 22.11.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS CERTIFICACIÓNS NÚMS. 1 E 2 DA OBRA DE RENOVACIÓN DO ALUMBRADO PÚBLICO NA AVDA. AREA E AVDA. CASTELAO. POS+2022

Expte. 2022/C003/000005

A obra denominada “Renovación do alumbrado público na Avda. Area e Avda. Castelao” foi adxudicada a D. Rubén José Noya Mallo, con NIF 44849273D, mediante a Resolución de alcaldía núm. 93 de data 02.03.2023.

D. Jesús Manuel Mallo Puga, con NIF 52433319N, en representación de ÁTOMO ESTUDIO TÉCNICO, S.L., empresa encargada da dirección desta obra, presentou a seguinte documentación:

- Certificación de obra núm. 1 por importe de 36.267,11 € (R.E. 2023/999/2131 de 13.10.2023)
- Certificación de obra núm. 2 por importe de 18.083,23 € (R.E. 2023/999/2364 de 14.11.2023)
- Fotografía do cartel de obra (R.E. 2023/999/2396 de 20.11.2023)

A factura correspondente ás certificacións de obra núms. 1 e 2, expedidas polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foron presentadas telematicamente son as seguintes:

- Factura con núm. de rexistro de facturas F/2023/2992, de data 18.10.2023, núm. de factura Emit-2, correspondente á certificación núm. 1 da obra “Renovación do alumbrado público na Avda. Area e Avda. Castelao” por importe de 36.267,11 €.
- Factura con núm. de rexistro de facturas F/2023/3139, de data 14.11.2023, núm. de factura Emit-3, correspondente á certificación núm. 2 da obra “Renovación do alumbrado público na Avda. Area e Avda. Castelao” por importe de 18.083,23 €.

Con data 20.11.2023 emitíuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación das certificacións de obra e facturas presentadas, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobación da certificación de obra núm. 1 da obra “Renovación do alumbrado público na Avda. Area e Avda. Castelao” polo importe de 36.267,11 € e a correspondente factura do mesmo importe.
- 2.- Aprobación da certificación de obra núm. 2 da obra “Renovación do alumbrado público na Avda. Area e Avda. Castelao” polo importe de 18.083,23 € e a correspondente factura do mesmo importe.
- 3.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás



facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.

4.- Remitir á Excma. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.

5.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

6.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

13. APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE EL MINISTERIO DEL INTERIOR Y EL AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA PARA LA INCORPORACIÓN DEL CUERPO DE POLICÍA LOCAL AL “SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL EN LOS CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO”

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 23.11.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente: 2023/A006/000011

Asunto: APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE EL MINISTERIO DEL INTERIOR Y EL AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA PARA LA INCORPORACIÓN DEL CUERPO DE POLICÍA LOCAL AL “SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL EN LOS CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO”

Visto o CONVENIO ENTRE EL MINISTERIO DEL INTERIOR Y EL AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA PARA LA INCORPORACIÓN DEL CUERPO DE POLICÍA LOCAL AL “SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL EN LOS CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO” que ten por obxecto establecer a forma de colaboración entre a Secretaría de Estado de Seguridade o Concello para a adecuación dos mecanismos técnicos informáticos necesarios para que os membros do Corpo de Policía Local da Entidade Local que actúen en materia de Violencia de Xénero se incorporen ao "Sistema de Seguimiento integral de los casos de Violencia de Género" do Ministerio del Interior.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe de Secretaría de data 22 de novembro de 2023.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no decreto nº 345/2023 de 10 de xullo.

Considerando o interese deste Concello de asinar o dito convenio, co seguinte texto:

“CONVENIO ENTRE EL MINISTERIO DEL INTERIOR Y EL AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA PARA LA INCORPORACIÓN DEL CUERPO DE POLICÍA LOCAL AL “SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL EN LOS CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO”.



Madrid, a fecha de firma electrónica

REUNIDOS

De una parte, D. Rafael Pérez Ruíz Secretario de Estado de Seguridad del Ministerio del Interior, nombrado por Real Decreto 84/2020 de 17 de enero, al amparo de lo previsto en el artículo 62.2g) de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, y con domicilio a los efectos del presente convenio en la Calle Amador de los Ríos, 2, 28071 de Madrid.

Y de otra parte, D. Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde del Ayuntamiento de Cedeira (en adelante, el Ayuntamiento), nombrado en Pleno por la Corporación Municipal de Cedeira de fecha 17 de junio de 2023 actuando en nombre y representación del mismo en virtud de las atribuciones que le confiere el artículo 21.a y b de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local, con domicilio a los efectos del presente convenio en calle Real, nº 15, Cedeira (A Coruña).

Ambas partes, que actúan en razón de sus respectivos cargos, declaran que intervienen con capacidad legal necesaria y competencia suficiente para suscribir el presente convenio y, a tal efecto,

EXPONEN

Primero.-Que el artículo 149.1.29ª de la Constitución Española establece que el Estado tiene competencia exclusiva sobre la materia de seguridad pública.

Asimismo, el artículo 1.1 de la Ley Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Fuerzas y Cuerpos de Seguridad, establece que la seguridad pública es competencia exclusiva del Estado, correspondiendo su mantenimiento al Gobierno de la Nación y, en concreto, al Ministerio del Interior.

No obstante lo anterior, el artículo 1.3 de la Ley Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, establece que las Corporaciones Locales participarán en el mantenimiento de la seguridad pública en los términos establecidos en la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y en el marco de la Ley Orgánica 2/1986, de 13 de marzo.

Segundo.- Que al Ministerio del Interior, según el artículo 1.1. del Real Decreto 734/2020, de 4 de agosto por el que se desarrolla la estructura orgánica básica le corresponde la propuesta y ejecución de la política del Gobierno en materia de seguridad ciudadana; la promoción de las condiciones para el ejercicio de los derechos fundamentales, en particular, la libertad y seguridad personales, en los términos establecidos en la Constitución Española y en las leyes que los desarrollen; el mando superior y la dirección y coordinación de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado.

Tercero.-Que la Ley 7/1985, de 2 de abril, en su artículo 25, atribuye a los municipios, entre otras, como competencia propia, la policía local.

Asimismo, en su artículo 57, establece que la cooperación económica, técnica y administrativa entre la Administración local y las administraciones del Estado y de las Comunidades Autónomas, tanto en servicios locales como en asuntos de interés común, se desarrollará con carácter voluntario, bajo las formas y en los términos previstos en las leyes, pudiendo tener lugar, en todo caso, mediante los consorcios o los convenios administrativos que suscriban.

Cuarto.-Que las partes son conscientes de la gravedad y persistencia de las infracciones penales cometidas en el ámbito familiar, y más concretamente en el de la violencia de género, por ello consideran necesario profundizar en las medidas de protección a las víctimas, a través de una adecuada coordinación de las actuaciones entre la Administración General del Estado y de las Entidades Locales, con el fin de prevenir y evitar riesgos de nuevas agresiones.

En este contexto, resulta fundamental disponer de un registro con la información que permita realizar un seguimiento individualizado de las circunstancias de estas víctimas y de la evolución del riesgo en que se encuentren.

Quinto.-Que en consonancia con la necesidad expuesta de mejorar la eficacia en la protección de las víctimas y en desarrollo de los artículos 31 y 32.2 de la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género, el Acuerdo de Consejo de Ministros, de 15 de diciembre de 2006, aprobó el “Catálogo de medidas urgentes en la lucha contra la violencia de género”.

Entre las medidas aprobadas se incluye la creación de una nueva base de datos común para las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad que permita tener conocimiento permanente de las circunstancias de las víctimas para realizar una valoración del riesgo objetivo de sufrir nuevas agresiones y adoptar las medidas de protección adecuadas.

